

cristina ferreiro real
a extinción dos harmónicos



crístina ferreiro real, 2008
crístinhaf@gmail.com
www.crístinha.blogspot.com



a extinción dos harmónicos

I

nas túas paredes voan
laranxeiras
estésica desposúome
nas túas améndoas

envío a présa ao
útero da metáfora
e (a)collo o mapa
cor filloa

nas túas paredes
fágome alotrópica

II

sei perfectamente
a gramática da túa boca non é
un paxaro inmóbil

a mestura da demencia coa ansiedade
é a nosa edificación noscentrista

(nos centros dos corpos calquera orixe
nas horas de saliva)

III

a extinción dos harmónicos antre os beizos
logo os vértices incendiados nos adentros
alado aluado meu contraforte
allea bailo en lava labio

as eirugas polos arrabaldos dos morfemas
erixirnos refractarios logo os dedos
aluado alado en contrapunto
allea en lava lábil bailo

as arelas alagan as cesuras
logo as pontes as fontes en triángulo
contradanza aluada meu alado
labio en lava allea bailo

IV

Escollo a sintaxe
e verifico a cartilaxe

os trens colgados
da bombilla e as formigas
pola boca

Eis mans
 (as miñas mans)
desfiguradas
entre a metafísica da cartilaxe
 e o cunnilingus.

V

aboio no linde da pompa de lava laranxa
tan arqueada
enfariñada nos poros de lobo
gutural adagio estouro adentro
e a lámpada tan branquísima

na humidade

as cousas exactas nos arquitec
da memoria e o degoxo do lúpulo erotizándome narcisista

o teu amor é unha rubideira

habitándome nos lindes da metáfora